



I.E.S. DE VILALONGA

A Salgueira, 40 - 36990 Vilalonga - Sanxenxo (Pontevedra)

Tlf. 886159137 - FAX 886159146

ies.vilalonga@edu.xunta.gal

www.edu.xunta.gal/centros/iesvilalonga



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



UNIÓN EUROPEA
FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE inviste no teu futuro"

PROGRAMACIÓN DEPARTAMENTO DE INGLÉS

EDUCACIÓN SECUNDARIA DE ADULTOS

CURSO: 2025-2026

ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN	3
1.1. CENTRO	3
1.2. ALUMNADO	4
1.3. OBXECTIVOS DA EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA	6
1.4. REPARTO DOS GRUPOS ENTRE O PROFESORADO DA MATERIA	10
2. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE	13
3. OBXECTIVOS XERAIS	15
4. CRITERIOS DE AVALIACIÓN.....	16
5. CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS	17
6. TEMPORALIZACIÓN DA MATERIA	18
7. MATERIAIS E RECURSOS	18
8. CONTIDOS	19
9. PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN	21
10.AVALIACIÓN INICIAL	21
11.MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE	22
12.ELEMENTOS TRANSVERSAIS	23
13.AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINO E DA PRÁCTICA DOCENTE	25
14.PROCEDEMENTO PARA AVALIAR A PROGRAMACIÓN	29
15.MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DO PRESENTE DOCUMENTO E PROCESOS DE MELLORA	29

1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

1.1.Centro.

DATOS DO CENTRO: NOME: IES de VILALONGA. CÓDIGO: 36019256.

TITULARIDADE: PÚBLICA: DOMICILIO: A SALGUEIRA, 40 - 36990

VILALONGA-SANXENXO. (PONTEVEDRA). TELÉFONO: 886-159-137

FAXES: 986743103.

PÁXINA WEB: <http://www.edu.xunta.es/centros/iesvilalonga/>.

CORREO ELECTRÓNICO: ies.vilalonga@edu.xunta.es.

PERFIL: O Instituto de Vilalonga está situado na parroquia de Vilalonga, que pertence ao concello de Sanxenxo, ao sur da bisbarra do Salnés. O alumnado do instituto procede na súa maioría de Vilalonga, Noalla e Nantes, tamén parroquias do mesmo concello e con características semellantes. A transformación do medio rural en urbano é rápida e aínda que na bisbarra se move moito diñeiro en transaccións urbanísticas, este reverte pouco nas economías familiares que se nutren de pequenos salarios: pensións e traballos mal remunerados en distintos sectores (hostalaría, construción, oficios do mar ou relacionados coa viticultura...), ademais da emigración. Os soldos son pequenos pero existe nos alumnos do instituto a percepción de que é doado gañar diñeiro. Moitos buscan traballo durante o verán na hostalaría. Reciben escasas pagas pero satisfactorias ao seu entender. Este feito anima a mocidade a abandonar os estudos mesmo co apoio dos seus pais. Despois dos dezaseis anos unha porcentaxe alta abandona definitivamente o sistema educativo, a maior parte sen titulación de ESO e aínda que ultimamente, debido á crise moitos intentan reincorporarse, a maior parte acaba configurando o alumnado de FP básica ou dos grupos de educación de adultos, moitos deles con graves carencias nas destrezas de lectura e escritura entre outras.

1.2. Alumnado

OFERTA EDUCATIVA

- Ensino Secundario Obrigatorio.
- Bacharelato: Científico-Tecnolóxico , Humanidades e Ciencias Sociais.
- Ciclos formativos:
 - * Grao Medio: Xestión Administrativa.
 - * Grao Medio: Electromecánica de Vehículos.
 - * Grao Superior: Administración e Finanzas.
 - * Grao Superior: Automoción
- Formación profesional Básica:
 - * Mantemento de Vehículos.
 - * Servizos Administrativos.
 - * Cociña e Restauración
- Adultos: Nivel II de Educación Secundaria de Adultos.
- Oferta modular do Ciclo Medio de Xestión Administrativa.

COMUNIDADE EDUCATIVA

Actualmente o número de alumnos e alumnas está en torno aos 700, cun claustro de 74 membros. Ademais contamos con tres conserxes, dous administrativos e catro limpadoras. O horario de funcionamento é de 08.30 horas a 14.10 horas e de 16.15 horas a 22.30 horas (os venres só pola mañá).

Alumnado:

- * Procedencia: Atopámonos con varios tipos de alumnos e alumnas. Por

unha parte, o alumnado de 1º de ESO provén maioritariamente dos tres centros adscritos de Primaria, (Vilalonga, Nantes e Noalla). Nos restantes cursos de ESOao alumnado do propio Centro súmase algún outro que cambia de Centro por distintos motivos. En 1º de Bacharelato a procedencia é do noso Centro, do IES de Sanxenxo, do IES de Meaño e do centro concertado Abrente. En 2º de Bacharelato tamén se suman ao alumnado do Centro outros que cambian de Centro. No que respecta aos Ciclos Formativos, unha parte do alumnado é do propio Centro e o resto ten distinta orixe: Sanxenxo, Meaño, O Grove, Pontevedra.

***Perfil:** Nesta zona o alumnado presenta unha dificultade, non particular destecentro, senón xeneralizada, que é a falta de esforzo e de valoración do estudo. Estadificultade faise máis patente na secundaria obrigatoria porque este alumnado amosa problemas de aprendizaxe por non ter desenvolvidas as habilidadesnecesarias para o estudo dado que lles custa traballo aprender e non están afeitos a esforzarse. No bacharelato e nos ciclos formativos aumenta a dificultade dos estudos e isto require unha maior dose de esforzo e traballo continuado e unha maior motivación persoal para o estudo. Xunto a todo isto aparecen, como en todos os centros, casos de indisciplina localizados en determinados alumnos e alumnas, e case exclusivamente nos primeiros cursos do ensino obrigatorio.

Familias.

Podemos analizar varios aspectos. 1º. A pouca valoración do feito educativo ea importancia do diñeiro como meta social provocan unha escasa participación na vida do Centro, sendo isto unha queixa xeneralizada, tanto do profesorado comodos propios representantes da ANPA. 2º. A relación, xeralmente correcta, co profesorado.

Profesorado.

A análise deste sector debe realizarse dende diferentes perspectivas que pasanpolas características do grupo, as súas relacións internas e as súas posicións ante a problemática educativa. O profesorado do centro Proxecto Educativo IES de Vilalonga caracterízase por un alto grao de estabilidade, pois aproximadamenteo 80% ten praza fixa no instituto. Isto é un factor positivo e tamén negativo: - Positivo: Unha maior posibilidade

de continuidade e seguimento dos proxectos e do desenvolvemento curricular, que son máis difíciles de acadar cun persoal docente con destino provisional. - Negativo: Rutinas e hábitos establecidos que son difíciles de romper para implicar ao profesorado en novos proxectos de renovación e innovación educativa.

1.3. Obxectivos adaptados ao contexto do centro e do alumnado

1.3.1 Obxectivos da educación secundaria obrigatoria

A educación secundaria obrigatoria contribuirá a desenvolver nos alumnos e nas alumnas as capacidades que lles permitan:

a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzandoos dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática. Nun contexto socio-educativo marcado pola disparidade de niveis económicos e educativos nas familias, o cal repercute de maneira directa no aprendizaxe dos alumnos e alumnas, é fundamental acadar estes obxectivos que son o fundamento dunha comunidade cohesiónada que favoreza un ambiente óptimo a aprendizaxe e o desenvolvemento.

b) Partindo da devandita heteroxeneidade socio-educativa, o noso centro debe actuar como corrector de ditas desigualdades para o cal un obxectivo primordial é desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón

de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, calquera manifestación de violencia contra a muller. Nunha conxuntura cunha marcada desigualdade de acceso ao traballo entre homes e mulleres, así como a descompensación manifesta do seu salario, o noso centro educativo debe atender especialmente a fortalecer os valores de igualdade de dereitos e desbotar calquera actitude machista xa dende o propio proceso educativo, ensinando una mensaxe de igualdade desde una institución estatal fortalecendo a que as familias envían aos alumnos e alumnas ou, no caso de que esta mensaxe non chegue desde o ámbito familiar, actuar como corrector de dita situación. Debemos lembrar que o peso da sociedade tradicional patriarcal na contorna do noso centro é aínda moi notable nalgúns casos.

d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos. O noso centro é pioneiro en Galicia na introdución do programa TEI (Titorización entre iguais) encamiñado á consecución de dito obxectivo.

e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación. O acceso competente ás posibilidades da oferta educativa e profesional vía Educación secundaria obrigatoria comeza coa adquisición de estas capacidades (tanto a de este epígrafe coma a dos catro seguintes) polo que debemos poñer especial celo en preparar aos nosos alumnos e alumnas para a súa adquisición.

f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para

identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.

g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.

h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.

i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.

l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas como vía fundamental a hora de construír climas de acollemento e cohesión grupal fundamentais a hora de previr conflitos e favorecer así un contexto de aprendizaxe plural. Da mesma maneira incluír aquío patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.

m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais

relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.

n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e

representación.

ñ) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, para poder apreciar de maneira máis inmediata os exemplos que se atopan dentro do ámbito xeográfico e poboacional do centro educativo e a súa riqueza, o cal redunda no fortalecemento da autoestima do alumnado así como fortalece igualmente seus vínculos con dito espazo. Participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.

o) Nun contexto socioeconómico claramente marcado por una oposición entre os núcleos propiamente rurais e pesqueiros cun alto número de familias galegofalantes fronte os núcleos de maior extensión centrados na actividade turística de maioría castelanfalantes, os alumnos e alumnas han de coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoale expresión de riqueza cultural neste devandito contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona, unas das poucas comunidades emigrantes que posúen representación no noso centro.

1.4. Reparto dos grupos entre o profesorado da materia.

1. 4.1 Cursos e materias que se imparten polo Departamento.

O Departamento de Inglés imparte a materia de Lingua Inglesa nos seguintes cursos:

- 1º de ESO
- 2º de ESO
- 3º de ESO
- 4º de ESO
- 1º de Bacharelato
- 2º de Bacharelato
- Educación Secundaria para Adultos.
- Ciclo Medio de Xestión Administrativa
- Ciclo Superior de Administración e Finanzas
- Ciclo Medio de Electromecánica de Automóbiles
- Ciclo Superior de Mantemento de Vehículos
- FP Básica.

1.4.2 Relación de membros do Departamento e sinaturas.

Os profesores que forman parte do Departamento de Inglés son os seguintes:

- Yolanda Moldes Lorenzo
- Aitana Acuña Rodríguez
- María José Fernández López
- María del Mar Díaz Losada
- Claudia Ríos García
- Irene Rey Caamaño
- Tania Gestoso Cortizo

Xefa de Departamento: Yolanda Moldes Lorenzo

1.4.2. Distribución de horas e cursos no Departamento:

María Yolanda Moldes Lorenzo:

NIVEL	MATERIA	Nº gr. X h. sem
2º BACHARALETO	Inglés	2 X 3
1º CM ADMIN	Inglés Profesional	1 X 2
1º CM ADMIN	Habilidades comunicativas en lingua estranxeira	1 X 2
1º CM ADMIN	Afondamento	1 X 1
1º CS ADMIN	Inglés Profesional	1 X 2
1º CS ADMIN	Habilidades comunicativas en lingua estranxeira	1 X 2
1º CS ADMIN	Afondamento	1 X 1
ESA 3 / 4	Inglés	1 X 2

Aitana Acuña Rodríguez:

NIVEL	MATERIA	Nº gr. X h. sem.
2º BACHARELATO	Inglés	2 x 3
1º BACHARELATO	Inglés	1 x 3
2º CM Auto	Habilidades comunicativas en lingua estranxeira	1 x 2
2º CM Auto	Afondamento	1 x 1
1º CM Auto	Inglés	1 x 2
1º CS Auto	Inglés	1 x 3
2º CS Auto	Inglés	1 x 3

María José Fernández López:

NIVEL	MATERIA	Nº gr. X h. sem.
3ºESO	Inglés	3 x 3
1º BACH	Inglés	3 x 3
2º FPB (COR)	Inglés	1 x 2

María del Mar Díaz Losada:

NIVEL	MATERIA	Nº gr. X h. sem
2º ESO	Inglés	2 x 3
4º ESO	Titoría	1 x 1
4º ESO	Inglés	2 x 3
1º FPB Auto	Inglés	1 x 2
2º FPB Auto	Inglés	1 x 2
1º FPB COR	Inglés	1 x 2

Tania Gestoso Cortizo (Prof. Dpto. Física e Química):

NIVEL	MATERIA	Nº gr./ h. sem.
1º ESO	Inglés	2 x 3
ZM	Inglés	1 x 2

Irene Rey Caamaño (prof. Dpto. Lingua Castelá):

NIVEL	MATERIA	Nº gr./ h. sem.
1º FPB Admin	Inglés	1 x 2
2º FPB Admin	Inglés	1 x 2

Claudia Ríos García (Prof. Dpto Lingua Galega):

NIVEL	MATERIA	Nº gr./ h. sem.
2º ESO	Inglés	1 x 3
2º ESO	Titoría	1 x 1

2.CONTRIBUCIÓN DA ÁREA DE LÍNGUA ESTRANXEIRA AO LOGRO DAS COMPETENCIAS BÁSICAS

A incorporación de competencias básicas ao Currículo permite poñer o acento naquelas aprendizaxes que se consideren imprescindíbeis. Son aquelas competencias que debe desenvolver un mozo ou unha moza ao finalizar o ensino obrigatorio para poder lograr a súa realización persoal, exercer a cidadanía activa, incorporarse á vida adulta de xeito satisfactorio e ser capaz de desenvolver unha aprendizaxe permanente ao longo da vida.

A inclusión das competencias básicas no Currículo ten varias finalidades:

1. Integrar os diferentes aprendizaxes
2. Relacionar a aprendizaxe con distintos tipos de contidos e utilizalos de xeito

efectivo cando resulten necesarios.

3. Orientar o ensino para tomar decisións relativas ao proceso do ensino e da aprendizaxe.

Coas áreas e materias do Currículo alcánzanse os obxectivos educativos e adquírense as competencias básicas. Cada unha das áreas contribúe ao desenvolvemento de diferentes competencias e á súa vez cada unha das competencias básicas alcanzarase como consecuencia do traballo en varias áreas ou materias.

No marco da proposta realizada pola Unión Europea, e de acordo coas consideracións que se acaban de expoñer, identificáronse oito competencias básicas:

1. Competencia en comunicación lingüística
2. Competencia matemática
3. Competencia no coñecemento e na interacción co mundo físico
4. Tratamento da información e competencia dixital
5. Competencia social e cidadá
6. Competencia cultural e artística
7. Competencia para aprender a aprender
8. Autonomía e iniciativa persoal

A aprendizaxe da área de lingua estranxeira contribúe ao desenvolvemento das competencias básicas:

Contribúe ao desenvolvemento da *competencia en comunicación lingüística*, complementando, enriquecendo e enchendo de novos matices comprensivos e expresivos esta capacidade comunicativa xeral. A competencia en comunicación lingüística refírese á utilización da linguaxe como instrumento de comunicación oral e escrita, de representación, interpretación e comprensión da realidade, de construción e comunicación do coñecemento e de organización e autorregulación do pensamento, das emocións e da conduta.

Contribúe ao desenvolvemento da *competencia de aprender a aprender* ao contribuír á mellora da capacidade comunicativa xeral. Por iso a aprendizaxe dunha lingua estranxeira debe incluír a reflexión sobre a propia aprendizaxe, identificando as estratexias e recursos que os fan máis eficaces. Isto comporta a conciencia daquelas capacidades que entran en xogo na aprendizaxe como a atención, a concentración, a

memoria, a comprensión, a expresión lingüística e a motivación do logro entre outras.

Contribúe ao desenvolvemento da *competencia en tratamento da información e competencia dixital* ao utilizar a lingua estranxeira como unha posibilidade de comunicación tecnolóxica, creando contextos reais e funcionais de comunicación. Esta competencia consiste en dispoñer de habilidades para buscar, obter, procesar e comunicar información e transformala en coñecemento.

Contribúe ao desenvolvemento da *competencia social e cidadá*, xa que coñecer unha lingua estranxeira implica o coñecemento de trazos e feitos culturais vinculados ás diferentes comunidades destas. Este feito favorece a comprensión da realidade social en que se vive, o respecto, o recoñecemento e a aceptación de diferencias culturais e de comportamento, promove a tolerancia e a integración e axuda a comprender e apreciar tanto os trazos de identidade como as diferencias.

Contribúe ao desenvolvemento da *competencia artística e cultural* se as producións lingüísticas que se utilizan conteñen un compoñente cultural.

3.OBXECTIVOS XERAIS

Adquirir a capacidade de comunicarse oralmente e por escrito de forma eficaz en situacións habituais de comunicación a través de tarefas específicas.

Desenvolver destrezas comunicativas, tanto receptivas como produtivas, co fin de realizar intercambios de información.

Ler diversos tipos de textos de forma comprensiva e autónoma, co fin de acceder a fontes de información variadas como medio para coñecer culturas e formas distintas das propias.

Transferir ao coñecemento da lingua estranxeira as estratexias de comunicación adquiridas na lingua materna, co fin de realizar tarefas interactivas en situacións reais ou simuladas.

Reflexionar sobre o funcionamento da lingua como elemento facilitador do aprendizaxe na realización de tarefas e como instrumento para o desenvolvemento da autonomía.

Utilizar estratexias de aprendizaxe e recursos didácticos (dicionarios, libros de

consulta, etc...) co fin de buscar información e resolver situacións de aprendizaxe de forma autónoma

Reflexionar sobre os propios procesos de aprendizaxe e desenvolver interese por incorporar melloras que leven ao éxito na consecución das tarefas formuladas.

Acceder ao coñecemento da cultura que transmite a lingua estranxeira, desenvolvendo respecto a ela e os seus falantes, para lograr un mellor entendemento internacional.

Apreciar o valor da lingua estranxeira como medio de comunicación e con persoas que pertencen a unha cultura diferente e como elemento favorecedor das relacións sociais e interpersoais.

Os contidos xerais , así como os atitudinais , e a súa contribución as competencias básicas traballan en todas as unidades didácticas.

4.CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Comprender mensaxes orais breves propios das situacións de comunicación traballadas neste nivel, extraendo a información relevante en cada caso.
- Producir mensaxes orais comprensibles e participar activamente nas situacións de comunicación propias deste curso e xeradas polas áreas léxicas traballadas.
- Comprender a idea principal e extraer información específica de textos escritos breves de carácter interpersoal. Producir textos escritos sinxelos que respondan ás diferentes intencións comunicativas traballadas neste curso.
- Utilizar conscientemente os coñecementos adquiridos acerca do novo sistema lingüístico como instrumento de control e auto corrección.

A experiencia de outros anos é que o nivel do alumnado de esta modalidade de ensino é moi dispar, polo que a secuenciación e cumprimento dos obxectivos irase adecuando ao alumnado.

5.CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS

A metodoloxía empregada é o enfoque comunicativo na aprendizaxe de idiomas, tendo tamén en conta as achegas doutros métodos didácticos que poden axudar a un maior rendemento do alumnado e adquisición dos obxectivos marcados para cada

nivel. Por tanto, téndese a presentar situacións da vida cotiá no idioma inglés co obxecto de que o alumnado se comunique coa maior fluidez posible.

Como obxectivo específico do ensino do inglés, propónse que os estudantes dominen as catro destrezas básicas da comunicación: comprensión e expresión oral e escrita. Trátase de que manexen as catro habilidades da lingua de forma simple e real, e aínda que na vida diaria vaian unidas, na clase é necesario separalas para adicarlles o tempo para desenrolalas.

O enfoque metodolóxico será o adecuado en cada ocasión segundo a diferenza de idade e madurez do alumnado. Iniciarase a práctica con actividades deseñadas para descubrir os coñecementos previos, axudándolles a organizar os seus cadernos de vocabulario, gramática etc. e fomentarase o emprego correcto de materiais de consulta, internet, dicionarios, etc.

Para acadar a súa participación de modo espontáneo, o profesorado conta con actividades orais como diálogos, entrevistas, noticias, descrições, “roleplay”, etc. En canto ó “*listening*”, poderán usarse CDs gravados con conversacións, anuncios, cancións, etc. e películas en versión inglesa. Sobre o inglés escrito, xunto ós exercicios correspondentes ás leccións nas que se van practicando os diferentes puntos gramaticais con exercicios de “*multiple choice*”, “*fill in the gaps*”, tradución directa e inversa, desenvolveranse unha serie de exercicios cara á adquisición de soltura e seguridade nunha lingua estranxeira, como son ditados, composicións, lectura e comentarios de noticias, redacción de resúmenes, escritura de cartas, cumplimentación de follas de instrucións, etc.

As composicións veñen sendo un dos exercicios máis difíciles para os alumnos; non só requiren un esforzo imaxinativo senón que tamén teñen que escribir sen fallos ortográficos ou gramaticais.

Pretende-se desta forma potenciar a lectura como fonte de pracer e desfrute. Se potenciarao ensino vivona clase, onde ó alumno non sexa un elemento pasivo e receptivo e non que teña a oportunidade de participar en todas as actividades do aula. O profesor deixa de ser o centro da clase para se converter nun colaborador e facilitador da aprendizaxe.

Encanto á organización do aula, aparte do traballo individual cremos que o traballo

en parellas e grupos pode ser unha forma de conseguir que os alumnos practiquen o inglés tanto escrito como oral e de crear un clima de colaboración e compañeirismo.

6. TEMPORALIZACIÓN DA MATERIA

Módulo III: unidades da 9 a 12

Módulo IV: unidades da 13 a 16

Esta secuenciación é orientativa e poderá ter algunhas modificacións dependendo da diversidade do alumnado desta ensinanza.

7. MATERIAIS E RECURSOS

ESA ensinanza de adultos : Na unidade formativa de Inglés o material básico de traballo serán fotocopias achegadas polo profesor.

O Departamento de Inglés dispón dos seguintes **recursos materiais**:

Unidades didácticas de ensino secundario para adultos. (Xunta de Galicia)

Aula virtual.

Un ordenador en cada aula e encerado dixital.

Por outra banda, o centro dispón dunha biblioteca (con gramáticas, libros de consulta e libros de lectura en Inglés a disposición do alumnado) e dúas ou tres aulas de ordenadores para as clases de inglés.

8. CONTIDOS

MÓDULO 3

UNIDADE 9

- ♣ O verbo *to be* e *have got*.
- ♣ Vocabulario básico para preguntar e contestar sobre datos persoais.
- ♣ O verbo ter impersonal: *there is/ there are* e o imperative.
- ♣ Vocabulario de sitios, lugares e tendas dunha cidade.
- ♣ Vocabulario para preguntar e darlles enderezos.

UNIDADE 10

- ♣ Presente simple, as partículas interrogativas e os adverbios de frecuencia.
- ♣ Vocabulario básico da unidade relativo ás rutinas diarias.
- ♣ Este continuo, o verbo modal *can* e as suxestións.
- ♣ Vocabulario das actividades de tempo libre e as afeccións.

UNIDADE 11

- ♣ Nomes contables e non contables. Cuantificadores e partitivos.
- ♣ Presente simple vs presente continuo.
- ♣ Vocabulario de alimentos, bebidas e pratos de comida elaborados.
- ♣ Aspectos socioculturais de países de fala inglesa: "Christmas"

UNIDADE 12

- ♣ O pasado do verbo *To be* e de *There is / are*.
- ♣ Vocabulario de sitios e eventos aos que ir no tempo libre.
- ♣ O pasado simple de verbos regulares e irregulares.
- ♣ Vocabulario de verbos que indican accións normalmente realizadas ó longo da vida.
- ♣ Aspectos socioculturais de países de fala inglesa: "*New Year 's Resolutions*" and "*Chinese New Year*".

MÓDULO 4

UNIDADE 13

- ♣ Presente dos verbos *to be, have got, there is / are* e presente simple.

Se necesita máis práctica: parte gramatical do anexo 9 (*to be, have got, there is / are*) e do anexo 10 para o presente simple.

- ♣ Vocabulario de traballos e profesións.
- ♣ Presente continuo e presente simple versus presente continuo.
- ♣ Vocabulario relacionado cun curriculum vitae e cunha carta de presentación.
- ♣ Aspectos socioculturais de países de fala inglesa: "*Notting Hill Carnival*".

UNIDADE 14

- ♣ O pasado simple do verbo *To be, there was / there were* e o pasado simple dos demais verbos.
- ♣ Vocabulario da rutina diaria para falar do pasado.
- ♣ O pasado continuo e o contraste do pasado simple co pasado continuo.
- ♣ Adxectivos para a descrición física.
- ♣ Aspectos socioculturais de países de fala inglesa: "*Saint Patrick's Day*"

UNIDADE 15

- ♣ O grao comparativo e superlativo dos adxectivos.
- ♣ Vocabulario da vestimenta e accesorios.
- ♣ Os verbos modais.
- ♣ Vocabulario de enfermidades.
- ♣ Aspectos socioculturais de países de fala inglesa: "*April Fool's Day*"

UNIDADE 16

- ♣ Distintas formas de expresar futuro en inglés.
- ♣ Vocabulario relacionado con viaxar.
- ♣ O contraste no uso de *be going to / will / present continuous*.
- ♣ Vocabulario: viaxar en avión

- ♣ Aspectos socioculturais de países de fala inglesa: "Memorial Day".

9. PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Módulo 3 e Módulo 4

Cualificación por avaliación

. **Probas escritas:** Estas probas terán un valor dun **70%** e incluírán exercicios de vocabulario e gramática similares aos traballados na clase, e breves textos narrativos ou diálogos.

. **O traballo:** O traballo realizado na aula ou na casa ten nesta modalidade de ensino un valor moi grande considerando as características especiais deste alumnado (diversidade de niveis, situación laboral, longos períodos afastados dos estudos etc.) así na avaliación unha progresión positiva poderá contabilizar ata un **30%** da cualificación.

Cualificación final Os alumnos que suspendan a primeira avaliación, terán a oportunidade de recuperala na seguinte, considerándose esta como avaliación final, dado que ao tratarse a materia como progresiva e continuada, os contidos da primeira avaliación serán tamén avaliados na avaliación final.

Na Educación de Adultos a materia de inglés é cualificada dentro do ámbito de comunicación é constitúe un 30% da nota. O alumnado debe obter como mínimo 3 puntos sobre 10 para facer media coas outras materias do ámbito.

O alumnado dos módulos 3 e 4 que suspendan o ámbito de comunicación na avaliación final, terá dereito a unha **avaliación extraordinaria**. Os alumnos/as deberán realizar unha proba escrita da materia de Inglés na que poderán acadar **ata 10** puntos. Esta proba incluírá exercicios de vocabulario, gramática e expresión escrita.

10. PROCEDEMENTOS PARA A REALIZACIÓN DA AVALIACIÓN INICIAL

Durante as primeiras semanas de clase dedicarase unha ou varias sesións a facer actividades de avaliación inicial que sirvan para comprobar en que medida o alumnado executa as competencias necesarias para o seguimento da programación. Os instrumentos para realizar dita avaliación pode ser un ou varios dos seguintes:

- Observación sistemática.
- Cuestionario.
- Análise de producións escritas.

- Proba específica.

Dado o carácter da aprendizaxe do inglés (que supón unha ampliación continua dos coñecementos do inglés, pero sen esquecer-lo aprendido) realizarase sempre UNHA AVALIACIÓN INICIAL ao comezo do curso. Debido á diversidade dos alumnos é de vital importancia que o profesorado coñeza canto antes os puntos fortes e débiles de cada un para saber en que situación se atopan os estudantes en relación cos contidos novos que se van a tratar.

As primeiras unidades de cada módulo serven de proba para avaliar os coñecementos previos dos alumnos, comezando con cuestións básicas de vocabulario e gramática e textos sinxelos que, unha vez empregados na clase, poden darnos idea do nivel do alumnado. Ademais, o departamento ten preparadas probas de diagnóstico (tests de diagnóstico, probas escritas, orais, follas de autoavaliación) para seguir o progreso de cada quen na lingua, o modo en que aprendeu, a súa experiencia anterior etc , para cada grupo de alumnos encamiñadas a avaliar os seus coñecementos e os diferentes estilos de aprendizaxe ademais de reflectir as súas actitudes cara a lingua inglesa.

Unha vez avaliado o nivel inicial de cada alumno, o docente contará cunha referencia para adecuar o nivel de esixencia dos estándares de aprendizaxe e as orientacións metodolóxicas ó nivel de competencias rexistradas no alumnado. Así mesmo contará coa información pertinente para, unha vez contrastada cos outros membros da xunta de avaliación inicial, decidir que medidas ordinarias ou extraordinarias de atención á diversidade deberá aplicar.

11. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Aínda quedan pendentes de celebrar as avaliacións iniciais, onde se valorará que alumnos necesitarán un **Reforzo Educativo** na área de inglés, co cal, nun futuro próximo teremos que proporcionar a estes alumnos unha serie de materiais, fichas ou actividades que contemplan as súas necesidades educativas especiais, tanto pola súa dificultade como pola súa maior capacidade á hora de abordar esta materia.

Por outra parte, nestas avaliacións iniciais acordarase tamén que alumnos van necesitar unha **Adaptación Curricular**, xa que o seu nivel no coñecemento desta materia está moi por debaixo do nivel normal do seu curso. Trátase de alumnos con unha gran dificultade para poder alcanzar uns contidos e obxectivos mínimos, polo que estes terán que reducirse a niveis mínimos. Ímoslles proporcionar a estes alumnos uns materiais, fichas e actividades adecuados a o seu nivel correspondente e traballarase con eles de forma individualizada.

12. ELEMENTOS TRANSVERSAIS

Educación para a igualdade de oportunidades de ambos sexos

Debemos ter un gran coidado ao tratar este aspecto. Nin os personaxes principais nin a xente da que tratan os textos mostran características distintas polo feito de ser rapaces ou rapazas, homes ou mulleres: todos eles fan deporte, preocúpanse pola súa dieta e pola súa saúde, triunfan nas súas respectivas profesións, participan nos labores do fogar, etc.

Por outra parte, a lingua inglesa, como reflexo dunha realidade sociocultural, fomenta nos alumnos a reflexión sobre este tema, a través de termos que fan referencia ás persoas sen especificar o sexo: *friend, parents, children, cousin, student* e *teenager*.

Educación moral e cívica

O material do curso móstralle ao alumno aspectos da vida cotiá nos que é necesario respectar unhas normas básicas, e adoptar actitudes positivas e solidarias para a convivencia en sociedade. Inclúense contidos como a organización de pobos e cidades de distintas zonas do mundo, o respecto pola xente coa que convivimos e co medio natural no que nos desenvolvemos, as normas de comportamento dos lugares que frecuentamos, etc.

Educación para a paz

Na loita por alcanzar un mundo sen conflitos nacionais e internacionais, é fundamental inculcarlles ás novas xeracións o respecto por sociedades e culturas distintas á propia. Debemos mostrar a realidade plural do Reino

Unido, e ofrécea como modelo de convivencia harmónica, ao coincidir nacionalidades diferentes e contar cunha numerosa poboación de orixe asiática e afrocaribeña, de razas e crenzas diferentes.

A contribución de homes e mulleres de diferentes partes do mundo ao acervo cultural e ao progreso pacífico da humanidade serve para reforzar a idea dun mundo que pode desenvolverse sen recorrer á violencia para solucionar os seus conflitos.

En canto aos contidos específicos, trátanse cuestións como a relación coa familia e cos amigos, a comunicación en linguas e códigos de comunicación distintos ao propio, o respecto por culturas, razas e crenzas diferentes, a música como medio de entendemento entre os mozos, as achegas de diversos países á cultura e ao progreso da humanidade, etc.

Educación para a saúde

Utilizando a lingua estranxeira como vehículo, os alumnos reflexionan sobre aspectos que inciden no mantemento dun bo estado de saúde, tanto física coma mental. O material tamén contribúe a desenvolver este tema por omisión, non mencionando ou reflectindo actitudes negativas para a saúde, por exemplo o abuso do tabaco ou do alcohol.

O material do curso inclúe contidos como as características anatómicas do corpo humano, o deporte, os hábitos alimenticios adecuados ou a forma de ocupar o tempo libre de cada cal.

Educación ambiental

Ao longo do curso resáltase a necesidade de respectar o ambiente, reflexionando sobre o papel que o medio natural xoga no equilibrio ecolóxico do planeta, e as accións que poden danalo. Esta reflexión é unha chamada de atención sobre situacións, provocadas polo home e prexudiciais para el, que é preciso corrixir, e pretende espertar nos alumnos unha maior conciencia ecolóxica. Por citar algúns dos contidos que se desenvolven, destacaremos os referentes ao hábitat de diversas especies animais, os medios de transporte que respectan o contorno natural ou as características físicas de distintas zonas do mundo.

Educación sexual

A educación sexual recibe un tratamento axeitado á idade dos alumnos desta etapa formativa. Personaxes masculinos e femininos cos que poden identificarse facilmente relaciónanse con naturalidade e sen inhibicións, participan xuntos en actividades de tempo libre e axúdanse uns a outros. Os contidos de educación sexual, xunto cos de igualdade de oportunidades de ambos sexos, axudarán os alumnos a conseguir un equilibrio psicolóxico adecuado nas relacións con membros do sexo oposto, levándoos a desenvolver unha sexualidade sá e aberta. Son contidos desta área as relacións e a correspondencia entre adolescentes de ambos sexos, así como a igualdade entre eles en todos os ámbitos.

Educación do consumidor

A reflexión sobre este tema desenvólvese a partir de situacións próximas aos adolescentes desta idade: tomar algo nunha cafetería, comprar roupa ou ir de viaxe. As situacións formuladas conducen a unha reflexión sobre o hábito de consumir e a importancia de facelo de xeito sensato, comprando aquilo que necesitamos sen malgastar nun desmedido afán de consumo.

Educación viaria

Tamén este tema transversal se trata de forma integrada no material do curso, a través de imaxes que reflicten un comportamento cívico dos personaxes á hora de circular por vilas e cidades, e o hábito de recorrer ao transporte público e á bicicleta para viaxar cando lles resulta posible.

13. AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINO E DA PRÁCTICA DOCENTE.

Establécese que a avaliación do proceso de ensino e a práctica docente se realiceen dous momentos do curso escolar. O primeiro realizarase ao final de cada trimestre, estará a cargo dos titores de cada curso e levarase a cabo de acordo co cuestionario que estableza a Xefatura de Estudos. Ao mesmo tempo, os membros do Departamento avaliarán o seu desempeño de acordo coa seguinte táboa, que deberán cubrir para cada nivel no que impartan a materia. O segundo realizarase ao final de curso e terá como protagonista o alumnado de cada grupo a través da enquisa que se xunta ao final desta programación como Anexo. Os datos recollidos serán utilizados para facer unha valoración na Memoria do Departamento e para establecer as propostas de mellora que se consideren necesarias.

CUESTIONARIO DE AVALIACIÓN DA PRÁCTICA DOCENTE	
DEPARTAMENTO DE LINGUA ESTRANXEIRA-INGLÉS CURSO 2025/26	
PROFESOR/A:	NIVEL:
A) INDICADORES XERAIS SOBRE O GRUPO	
1. Que fago para coñecer a clase?	
a) Realizo unha charla o 1º día de clase	
b) Utilizo a proba de avaliación inicial	
c) Utilizo a información da reunión de avaliación inicial	
2. Teño en conta a diversidade ao organizar a clase?	

a) Coloco os alumnos/as por orde de lista	
b) Deixo que se coloquen eles por afinidade	
c) Organizo grupos de traballo variables	
3. Os alumnos reciben as explicacións que precisan?	
a) Explico primeiro para todo o grupo	
b) Dou explicacións individuais	
4. Propoño exercicios de diferente nivel en cada unidade	
5. Teño en conta aos alumnos que se afastan da media	
a) Propoño exercicios de reforzo	
b) Propoño exercicios de ampliación	

B) INDICADORES SOBRE A PROGRAMACIÓN	
1. Explico a Programación aos alumnos	
a) Ao comezo do curso	
b) Ao comezo de cada avaliación	
2. Consulto a programación ao longo do curso	
3. Adapto a Programación ao desenvolvemento das clases	

4. ao comezo de cada unidade explico ao alumnado os obxectivos e os aspectos que se van traballar	

C) ACTIVIDADES NA AULA	
1. Os alumnos traballan na aula	
a) De forma individual	
b) Os alumnos traballan en parellas	
c) Os alumnos traballan en pequenos grupos	
2. Os exercicios que lles propoño	
a) Son pechados, de resposta fixa	
b) Son abertos, con varias posibles respostas	
c) Promoven a cooperación entre eles	
3. Na metodoloxía que aplico	
a) Procuro utilizar ferramentas TIC	
b) Procuro que os alumnos utilicen as ferramentas TIC	
c) Propoño actividades para facilitar a aprendizaxe autónoma	
d) Baséome no libro e apporto ideas propias	
4. Como se pasan horas lectivas	

a) Conseguido silencio	
b) Explico a teoría	
c) Respondo a preguntas, fomento a participación	
d) Observo o traballo dos alumnos	
e) Corrixo aos alumnos de xeito individual	
D) AVALIACIÓN	
1. Emprego diferentes tipos de probas	
a) Exames escritos	
b) Preguntas orais	
c) Traballo individual	
d) Traballo en equipo	
2. Ao rematar cada unidade avalío os contidos e actividades	
a) Non	
b) Si	
3. Fago recuperacións parciais das avaliacións suspensas	
a) Non	
b) A avaliación continua fai innecesaria a recuperación parcial	

14. PROCEDEMENTOS PARA AVALIAR A PROPIA PROGRAMACIÓN

Os procedementos que este departamento segue para avaliar a programación son os seguintes.

- Na reunión do departamento revísase sempre no primeiro lugar a temporalización da programación
- Mensualmente revisarase a temporalización da programación así como a secuenciación e a profundidade dos contidos impartidos nos distintos grupos, adaptando esta diversidade ao alumnado.
- Ó rematar cada avaliación, isto é cada trimestre, revísanse a temporalización, secuenciación, os contidos e os resultados de dita avaliación, así como o grado de consecución dos obxectivos propostos na programación e a adquisición das competencias.
- Ó final de curso, estudarase e revisarase en profundidade a temporalización, a secuenciación e a profundidade da programación así como o grado de cumprimento de obxectivos e de adquisición de competencias de acordo coas táboas adxuntas. .En caso de haber algunha incidencia estudarase e anotarase as modificacións pertinentes na memoria final do departamento e teranse en conta a hora de facer a programación do seguinte curso.

15. MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DO PRESENTE DOCUMENTO E PROCESOS DE MELLORA.

A revisión das Programacións é unha fase necesaria para a mellora do proceso educativo e, no caso da materia de Inglés, en cumprimento establecido no Decreto 86/2015, do 25 de xuño, DOG do 29 de xuño e outras disposicións relacionadas, acórdase que ao final de cada curso académico incluírase na orde do día da reunión final de curso un punto relativo á avaliación e revisión da presente Programación.

Nese punto realizarase unha análise da presente programación na que se terán en conta os resultados obtidos polo alumnado (índices de aprobados e suspensos, resultados dos alumnos coa materia pendente), as dificultades que puidesen ter xurdido no desenvolvemento dos temas, os cambios que por diferentes motivos se efectuasen nos contidos ou na orde de explicación dos

mesmos e os resultados das enquisas realizadas polo profesorado en cada trimestre e polo alumnado ao final do curso. Esta análise estará recollida na memoria de fin de curso do Departamento e terá tamén un apartado coas propostas de modificación e mellora que se deberán realizar nas programacións do curso .